



Como actuar ante a violencia de xénero?

Centro de Información ás Mulleres de Viana do Bolo

Que é a violencia de xénero?

A **violencia de xénero** é calquera acto violento ou agresión, baseado nunha **situación de desigualdade** no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un **dano físico, sexual ou psicolóxico**, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

- Non invisibilizar nin normalizar unha situación de violencia.
- Non xustificar ao agresor (estar en desemprego, estrés laboral, condutas aditivas, patoloxías mentais...)
- Non culpabilizar a vítima: "se segue con el é culpa súa", "se non o quere ver que vamos a facer o resto?" etc.
- Non minimizar a gravidade dos feitos nin quitarlle importancia: "bueno, se normalmente non é así..." "non é para tanto, todos temos momentos malos, etc."

Cal é a miña responsabilidade?

Que podo facer?

1. **COMPRENDER A COMPLEXIDADE DA VIOLENCIA DE XÉNERO.**
 - a. Moitas veces son as propias vítimas as que se opoñen a denunciar por: MEDO, CULPABILIDADE, VERGOÑA, FALTA DE APOIO FAMILIAR OU SOCIAL, ETC.
2. **NON PRESIONAR Á VÍTIMA.**
 - a. Trata de comprendela, axudala e apoiala. Non a xulgues.
 - b. Intente falar con ela de como se sente, da situación, do control que exerce a súa parella, etc.
3. **PONTE EN CONTACTO CON PROFESIONAIS**



Como actuar ante a violencia de xénero?

Centro de Información ás Mulleres de Viana do Bolo

Como actuar...se presencias unha agresión:

- 1 Non debes enfrontarte ao agresor nun corpo a corpo que te poida danar.
Non mires cara outro lado, **ACTÚA**.
- 2 A violencia de xénero NON é un asunto privado que non te incumba, é un problema social e por iso temos a **OBRIGA** de denunciar!
- 3 Disuade ao agresor e advírteo de que estás a ser testigo e de que vas chamar á Garda Civil ou á Policía.
- 4 Ponte en contacto coa Policía (062) ou con Emerxencias (112), indicando o lugar dos feitos para que acudan.
- 5 Alerta aos veciños e veciñas e todas aquelas persoas que poidan ser testigos coma ti da agresión.

Onde acudir se es testigo ou vítima de violencia de xénero:

Centro de Información ás Mulleres de Viana do Bolo

988 329 260
Atención psicolóxica e xurídica de L-V de 8:00 a 15:00

Garda Civil de Viana do Bolo

988 340 004
Especialmente recomendado se a agresión está a ocorrer nese momento.

Xulgado de Viana do Bolo

988 340 002
Ao lado de Servizos Sociais do Concello. A vítima e/ou a testigo poden **formular unha denuncia directamente**.

Centro de Saúde de Viana do Bolo
No caso de presentar lesións físicas.

Todos os servizos son CONFIDENCIAIS E GRATUÍTOS!



AnteaViolenciaNonTapesaBoca